

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA DE 30 DE XANEIRO DE 2020.

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20 horas e dous minutos do día trinta de xaneiro de 2020 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, Don César Manuel Fernández Gil (PP), coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

Concelleiros/as :

D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ (PP)
D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ (PP)
D^a YOLANDA GÓMEZ GÓMEZ (PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ (PSOE)
D^a. CRISTINA OTERO ALONSO (PSOE)
D. MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (PSOE)
D^a. NOELIA RODRIGUEZ TRAVIESO (PSOE) .
D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ(RBC)
D^a PAULA RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ (RBC)
D ENRIQUE RODRÍGUEZ ALEJOS (RBC)
D^a MARÍA TERESA RODRÍGUEZ ESTEVEZ (BNG)

ASISTEN O SECRETARIO, FRANCISCO GASPAR FERNÁNDEZ CASTRO E O INTERVENTOR, DON VICENTE SOTO RODRÍGUEZ.

Alcalde.- Boa tarde a todas e todos, imos dar comenzo a sesión ordinaria do pleno do concello de 30 de xaneiro de 2020..

1. APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTAS DAS ÚLTIMAS SESIÓNS CELEBRADAS, QUE FORON A DO 19 DE DECEMBRO DE 2019 (ORDINARIA) .

Fica aprobada.

2. DACION DE CONTA DE: A)DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditas dende a sesión anterior , e que de seguido se relacionan:

Do 21 de novembro; dúas, sobre liquidación plusvalía.

Do 12 de decembro; unha, sobre aboamentos.

Do 13 de decembro; unha, sobre aboamentos.

Do 16 de decembro; unha, sobre aboamentos.

Do 17 de decembro; sete; cinco, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 18 de decembro; trece; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; catro, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre liquidación taxa serv. ext. incendios e outros; unha, sobre interposición recurso contencioso-administrativo; unha, sobre edificación ref. Catastr. 32070A4900001; unha, sobre exp. tarxeta estacionamento; dúas, sobre concesión vacacións; dúas, sobre aboamentos.

Do 19 de decembro; sete; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; dúas, sobre exenc. IVTM; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 20 de decembro; nove; dúas; sobre liquidación plusvalía; unha, sobre anulación recibos duplicados; unha, sobre baixa taxa servizo recollida lixo; tres; sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 23 de decembro; nove; tres, sobre altas no Padrón habitantes; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre lista provisoria prazas policía local; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; dúas, sobre aboamentos.

Do 24 de decembro; unha, sobre aboamentos.

Do 26 de decembro; oito; catro, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre recurso reposición; unha, sobre restauración legalidade urbanística; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 27 de decembro, oito; catro, sobre altas no Padrón Habitantes; dúas, sobre recoñecemento antigüidade; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 30 de decembro; vinte e tres; dezasete, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre ocupación vía pública; unha, sobre subvención a entidade deportivas mantemento campos fútbol 2019; unha, sobre xeración créditos 23/19; unha, sobre aprobación taxa ocupación vía pública; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 31 de decembro; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes.

Do 02 de xaneiro, seis; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre concesión asuntos propios; unha, sobre tarxeta estacionamento; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 03 de xaneiro, unha, sobre tarxeta estacionamento.

Do 03 de xaneiro, unha, sobre aboamentos.

Do 06 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 07 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 08 de xaneiro ;cinco; unha, sobre peon GES; unha, sobre concesión vacacións; dúas; sobre concesión asuntos propios; unha, sobre aboamentos.

Do 09 de xaneiro; tres; unha, sobre recoñecemento antigüidade; unha, sobre rectificación erro en lista admitidos GES; unha, sobre aboamentos.

Do 10 de xaneiro; doce; unha, sobre fraccionamento débeda; dúas, sobre exenc. IVTM; sete, sobre liquidación taxa serv. ext. incendios e outros; dúas, sobre aboamentos.

Do 13 de xaneiro; seis; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre recoñecemento antigüidade; unha, sobre concesión asuntos propios; unha, sobre eficacia comunicacion previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 14 de xaneiro; oito; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre PA 326/2019; dúas, sobre recoñecemento antigüidade; unha, sobre formalización contrato; unha, sobre concesión día; unha, sobre aboamentos.

Do 15 de xaneiro; tres; unha, sobre recoñecemento antigüidade; unha, sobre concesión vacacións unha, sobre concesión servizo xantar na casa.

Do 16 de xaneiro; dúas; unha, sobre eficacia comunicacion previa obras; uha, sobre aboamentos.

Do 17 de xaneiro, unha, sobre aboamentos.

Do 20 de xaneiro; dezaoto; sete, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre fraccionamento débeda; catro, sobre bonificación IVTM; unha, sobre exenc. IVTM; cinco, sobre liquidación plusvalía.

Do 21 de xaneiro; doce; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; catro; sobre recoñecemento antigüidade; dúas; sobre liquidación taxa serv. ext. incendios e outros; tres, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de xaneiro; sete; dúas, sobre baixa recollida lixo; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre liquidación taxa serv. ext. incendios e outros; unha, sobre expte. mpal. 2338/2017; unha, sobre complemento destino funcionario; unha, sobre aboamentos.

Do 23 de xaneiro; nove; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; tres, sobre liquidación taxa serv. ext. incendios e outros; dúas, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre recoñecemento antigüidade; unha, sobre enterramento; unha, sobre aboamentos.

Do 24 de xaneiro; nove; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre reclamación IAE; dúas sobre liquidación plusvalía; dúas, sobre recoñecemento antigüidade; unha, sobre tarxeta estacionamento; unha, sobre enterramento; unha, sobre eficacia comunicación previa obra.

Do 25 de xaneiro; dúas; sobre recoñecemento antigüidade.

Do 27 de xaneiro; seis; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre tarxeta estacionamento; unha, sobre permiso por enfermidade de familiar; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre enterramento.

Do 28 de xaneiro, catro; unha, sobre recoñecemento antigüidade; unha, sobre concesión prorroga eficacia comunicación previa obras; unha, sobre enterramento; unha, sobre eficacia comunicación previa obras.

3.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DOS ORZAMENTOS E PLANTILLA DE PERSOAL DO 2020.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica e Vitivinícola e Obras, na súa sesión de 23 de xaneiro de 2020 adoptou o seguinte ditame:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral deste Concello, para o exercicio económico 2020, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS:

Capítulo 1	Gastos de persoal	2.464.353,3
Capítulo 2	Gastos en bens correntes e serv.	1.337.379,47
Capítulo 3	Gastos financeiros	18.280,51
Capítulo 6	Investimentos reais	422.911,66
Capítulo 7	Trasferencias de capital	10.000
Capítulo 9	Pasivos financeiros	314.592,79

Total Estado de Gastos 4.579.943,59

ESTADO DE INGRESOS:

Capítulo 1	Impostos directos	1.386.213,94
Capítulo 2	Impostos indirectos	73.726,54
Capítulo 3	Taxas e outros ingresos	933.691,56
Capítulo 4	Trasferencias correntes	2.096.721,55
Capítulo 5	Ingresos patrimoniais	89.590

Total Estado de Ingresos 4.579.943,59

SEGUNDO. Aprobar inicialmente a plantilla de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

TERCEIRO. Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2020, as Bases de Execución e plantilla de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

QUINTO. Remitir copia á Administración do Estado, así como ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP , , reservanse para o Pleno PSOE, BNG, e voto en contra de RBC ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Boa tarde a todos e todas, á corporación, ao público presente e aos que nos seguen telemáticamente. É o primeiro pleno de 2020 , é este punto para nos é o máis importante. O borrador do orzamento se entregou nas comisións e o noso grupo dixo que o ía a estudar. Nos parece moi pouco investimento, o 0,27%, hai moitas cousas que facer en Ribadavia. Non pode ser tan distinta a visión da oposición e do grupo de goberno. A nosa proposta de actuacións para os orzamentos foron moi precisas e necesarias: a terceira fase do Parque Empresarial, unha solución para o asilo de Nosa Señora dos Anxos, un novo ambulatorio; e outras de pouco custe , propostas concretas para as localidades: beirarrúas de San Cristovo, pantalan de Ventosela... se recolleron nunha memoria anexa.

Se olvidan temas importantes a emerxencia social, o ticket eléctrico, a eliminación de vertidos residuais, a baixada do IBI. As nosas propostas van sen partida económica. Os emplazamos a traballar por Ribadavia para que teña o que merece como referencia da comarca, non o ten polo que se refire a transporte ou sanidade.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Boa tarde a todos e todas. Dado que o pleno vai a ser longo nos imos a deter máis neste punto,e trataremos de abreviar en outros. O noso grupo xa advertiu o sentido do noso voto, era un non inicial, aberto a recibir melloras, inclusións das nosas propostas. Non houbo resposta, só a través da prensa. Non é un procedemento axeitado, menos nun goberno tan dependente do pleno. Neste pleno se presentan moitas mocións porque non sabíamos que viñan os orzamentos. Non son as formas de negociar para un goberno que está en ultraminoría. Se nos fan acusacións nas redes sociais , nos resbala bastante.

En xuño presentamos medidas en base a un diagnóstico ante unha situación de crise. O orzamento é a base dun programa político. No 2019 se presentou un orzamento de transición, RBC facilitou a aprobación coa súa abstención. Agradábamnos que nos orzamentos de 2020 se valorasen as nosas propostas. Un goberno en minoría debe pactar.

Se poden arranxar as beirarrúas de Francelos, facer un campo de fútbol e uns parques estupendos, que non é o caso, pero non se resolvería o problema de fondo. A crise poboacional de Ribadavia é unha acumulación de elementos. Hai preocupación nos veciños polos escasos postos de traballo. Pedimos fai dous anos un plan de empregabilidade para parados de longa duración. No comenzo do curso se eliminou un aula enteira e un profesor. O que está no goberno é por amor a Ribadavia, non para non protestar porque os que recortan son os nosos. Nos se gobernamos e no goberno de Galicia están os nosos e recortan protestaremos. Pedimos transparencia na xestión do padrón municipal, non se foi receptivo. Creíamos que no centro sociocomunitario de Ribadavia se podía implantar un centro de día. Se non hai postos de traballo, nin servizos como os dunha cidade é imposible frear a baixada poboacional. Estes orzamentos non resolven os problemas, incluso afondan neles.

O informe de intervención sinala que o capítulo de inversións baixa, é rechamante. O orzamento sube porque se incorporan inversións de subvencións que se dan por concedidas. No capítulo de persoal por qué se preven esas prazas novas e non se sube a carga de traballo a traballadoras e traballadores en precario. Se sobrecargan as horas extra o dí o propio interventor. As prácticas de voluntariado rozan a ilegalidade.

Non se resolven os problemas en sete meses, pero hai que dar uns pasos que non se dan. A relación de postos de traballo segue sen aprobar, non se cumpren os prazos. Hai partidas insuficientes para suministros. Advirte o interventor de que debe controlarse o gasto e non se fai. Hai un desaxuste en bastantes servizos entre ingresos e gastos. Hai un choque de visións respecto á xestión pública, se gastan 211.000 euros para suministro de auga, recadación , campo de fútbol. A recadación se podería facer con medios propios, subrogando a persoa.

Se gastan 265.000 euros na xestión de residuos, non funciona ou cando menos é mellorable.

A valoración da proposta é negativa, non podemos blindar un documento co que non estamos de acordo. Mantemos a oferta de diálogo, aínda que as formas non foron correctas.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- En primeiro lugar unha cuestión de procedemento, entendemos que o que procedía é que primeiro se explicase polo goberno a proposta de orzamento. Agradecemos o traballo da concelleira, traballando como fixo Javier Sendín ,que n dezasete anos aprobou dezaseis orzamentos. Nos tivemos en contra unha oposición cruel e encarnizada catro anos, o noso grupo está facendo unha oposición leal. O alcalde alardea de aprobar os orzamentos nun mes, o PSOE púso todo para que o fixese. Durante dezaseis anos houbo unha gran demagogia, non se aprobaban ou se discutían as adicacións, que agora son tan insuficientes que nin se collen. O PP torpedeou, non é de recibo que agora digan que o PSOE torpedea. O PP nos últimos catro anos non apoiou os orzamentos nin con unha abstención. Agora non vai a aprobar os orzamentos porque non quere. A concelleira preguntou se había algunha posibilidade de aprobar o orzamento. Se dixo que se houbera unha inversión tanxible recollida no orzamento. Logo se dice que nos en 16 anos non fixemos nada, olvídense de nos. Vostede en sete meses de alcalde, co goberno da Deputación e da Xunta a favor, non cambia o rumbo político, porque non quere ou porque non pode.

RBC dixo que o orzamento era maior que o último, non é un erro; é menor. O orzamento pasa de 300.000 euros de inversión a 200.000 é imposible que un grupo da oposición o aprrobe. É moito peor o documento que o de fai dous anos do PSOE. O demais va a gasto corrente. O importante é o que se pode conquistar de outras administracións. Ou os de antes eramos moi malos ou resulta que non eramos tan malos. Os datos son tan claros que a culpa é súa. Se houbera traído a terceira fase do Parque Empresarial, todo quedou feito para poder traelo. Fai 16 anos o Parque Empresarial era un solar baleiro, se encheu de empresas, se fixeron dous fases. A terceira fase decía que ao chegar ao goberno a ía a facer. Os terreos están mercados e os viais feitos. A culpa é súa. Nadie dúbida de que hai moitas necesidades, o parque empresarial decían que o facían a huevo. A nos nos boicoteaban. O Centro de saúde se hai cartos enriba da mesa, se poden iniciar as cousas. Vostede antepone os intereses partidistas aos do pobo. Dúbido de que non fora capaz de captar esa inversión, medo de que despois a inversión a faga outro. A intención é facer logo convenios cos concelleiros amigos, nos nos sometemos a unha cuestión de confianza, nos non gobernamos se non hai orzamentos. Con eses orzamentos que non aprobou inaugurou un campo de fútbol que aos quince días é un patatal. Non foron capaces de facelo ben. Os traballos feitos se deixan aos veciños, non aos gobernos. Se houbera esa inversión no orzamento, o PSOE se abstendría. Vostede dixo que se incorporaron vinte propostas da oposición, non hai nin unha incorporada. Hai unha memoria , fixo unha Carta aos Reis Magos e non é capaz de plasmarla. Vostede dixo mentiras, cando estabamos no goberno non nos daban a oportunidade de falar, a oposición era moi dura con nós. Vostede vende nas redes sociais que hai un 2% de suba salarial, pero é porque o aprobou o goberno da nación. O vende como un logro seu e é mentira.

As prazas que se queiran incrementar ou aumentar o número de horas, tería que ser tras un diálogo previo cos sindicatos. Moi ben a praza de peón de limpeza ou de chófer, nos pode parecer ben aos políticos; pero igual a demanda dos traballadores é outra. Os traballadores pedían cobrar os trienios e houbo un diálogo. Vostedes non quixeron aprobar os orzamentos. A xunta de Galicia orzamentou cero euros para este concello, había máis cos alcaldes do PSOE. Hai inacción , desidia ,¿ qué fixeron fóra da obra de Sanín que non estivera acordado polo anterior goberno? Algún día o actual alcalde me dixo que había que ter máis humildade, vostede ten que ter máis humildade nas declaracións.

Dª Mariluz Expósito Pérez (PP).- Vou a explicar moi por encima os números do orzamento. Son case catro millóns de euros entre gastos de persoal e créditos a pagar. Te podías ter reunido conmigo desde que estábamos empezando, aínda estou esperando a que te reúnas conmigo. Este grupo leva preparando os orzamentos dende outubro, houbo unha primeira reunión para pedir propostas e se nos dixo que primeiro presentasemos un documento. O PSOE presentou vinte e sete propostas, son as mesmas presentadas polo PP aos orzamentos de 2017. Entón se decía que era un brindis ao sol, xa non houbo segunda reunión. Se deron todas as facilidades de día e de hora para a reunión. Ante a imposibilidade de ter a reunión, se levaron os orzamentos ás comisións coas propostas que se consideraron factibles. As que se estaban en condicións de facer, non se sabe as contías, os importes, porque non hai proxectos feitos. O PSOE decía que nunca incluía nos orzamentos as subvencións porque era incrementar o orzamento de forma ficticia. En novembro xa se contemplaba a suba salarial. Temos o compromiso das beirarrúas de San Cristovo, o parque empresarial, a recuperación de inmobles

no casco histórico, mellora do auditorio e da Casa da Cultura, once medidas. A última está feita. Hai unha partida plasmada no orzamento para maquinaria no pavillón de deportes. Partida para realizar proxectos e buscar financiación. Era tan fácil como decir vemonos, se houbera reunión se tivera posto.

Con RBC sempre acudiron á cita, atopeime cunha parede, era todo ou nada. Coincidimos nas necesidades, pero a capacidade inversora do concello é a que é. Eu non vin a vender fume, nin entra na miña persoa incluír no orzamento o que non se vai a poder facer.

Co BNG se incluíu no orzamento o que se podía incluír, o que non se razonou porqué. Quero pensar que todos viñemos ao mesmo, ogallá se pudiera facer todo, se nos deixan tempo se fará. De incluír esas cuestións serían uns números ficticios, na medida en que se consiga a financiación se incorporará.

Investimos en persoal, incluímos un peón de limpeza, que moitas mocións plenarias o pedía, se se quere que haxa servizo de limpeza nas parroquias sen persoal non pode ser. Hai un tractor e unha pala parados, hai que poñelos a funcionar. Para o operario de instalacións deportivas se pediu un reforzo. Houbo unha reunión co comité de empresa que pediu un aumento de xornada dunha persoa. En servizos sociais se incrementa a partida, se aumentou a partida de conciliación.

En Deportes se aumentaron as partidas aos clubs, e hai unha partida para o pavillón de Maquiáns. Se aumentan as achegas as asociacións culturais. Non renunciamos a nada os orzamentos son unha dirección, non unha meta. O destino se pode conquistar entre todos, nos imos a seguir traballando.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Agradecer a boa predisposición da concelleira. O problema é que sodes minoría. Non ía a haber un non porque non do BNG. A nosa postura é abstención. Ata o de agora a oposición foi responsable. Compartimos que son escasas as inversións de outras administracións, poderías conquistar máis da Xunta e da Deputación. Recolledes algunhas propostas nosas, algunhas case sen coste económico. Nos non contamos o número das nosas propostas que recolledes. Facer fincapé na xestión directa dos servizos, atención a colectivos vulnerables, a un concello máis sostible. Os sete meses do goberno non son dun suspenso rotundo, pero se podía conquistar moito máis.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Está casi todo dito. Considero que nos plenos é onde hai que explicar o orzamento. O discurso da concelleira é de buenismo, iso non funciona en política. A diverxencia é como conquistar os obxectivos. Os orzamentos morren na Xunta, por incapacidade, pasotismo, este concello non conquistou inversión do goberno amigo da Xunta. Mentres estemos eiquí este grupo defende os intereses xerais de Ribadavia. Sen terceira fase do Parque Empresarial, Ribadavia non ten futuro. Son importantes a Ponte de San Francisco, o Centro de Día, o Centro de saúde ou a protección das graveiras de San Cristovo. Os cidadáns necesitan melloras e inversións, este orzamento non resolve os seus problemas. O noso grupo nunca dirá non a unha reunión, nin o mesmo día do pleno. O diálogo é ser xeneroso coas propostas dos demais grupos. Nos preguntaron polos tres novos postos de traballo. ¿ Por qué o parque de San Cristovo e Santa Cristina e non outros? Moita precariedade na plantilla de persoal, ¿ por qué non se aumenta a xornada de traballadores que non pertencen a casa? Non houbo flexibilidade na negociación pola súa parte. Parece que vostedes inventaron as subvencións ás asociacións.

Tamén nos chegan mensaxes de presión, que se non se aproban os orzamentos habería cousas que non se poderían facer. O alcalde non se dignou falar con este grupo, o señor Baltar ten unha maioría comprada por cauces legais, vostede non está nesa situación. Se utiliza a prensa e as redes sociais para criticar os grupos da oposición. A culpa é súa por non ser capaz de chegar a un acordo. Se houbera un investimento habería que votar sí ou sí. As nosas críticas son sinceras, honestas, non para facer dano. Creemos que estes orzamentos non son bos. Temos a man tendida a todo o plenario para mellorar a vida dos ribadavienses.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Hai un problema de base, somos políticos, cada un trata de vender o seu. Nos últimos catro anos, nos só podíamos defendernos, non podíamos dialogar. Eiquí un se atopa cun regalo en política, e ten que gobernar cando non o espera. Vostede veu para eiquí e fai o que lle dixo o seu xefe en Ourense. E con outras cousas van a ser un problema para Ribadavia, non imos a consentir que concello sexa un banco de probas

de Baltar. Vostede fai o que dice ese señor, o goberno que vostede sustenta na Deputación é a antítese do bo goberno. Non hai capacidade de facer un proxecto, nin de acadar inversións, non hai planificación. Vostede estivo hora e media reunida coa concellería, non se deu esa hora media nos oito anos en que este portavoz foi alcalde. Xa se manifestou que cunha soa inversión o noso grupo aprobaría os orzamentos. Decías que querías o noso apoio polo ben dos cidadáns, e onde estivo o voso apoio. Non vexo onde estivo o despilfarro dos Xardinillos, a campaña foi cruel coa miña persoa e ata coa miña familia. Vostedes nunca dialogaron. Piden o apoio para algo que fixeron peor que nos. É un orzamento peor que o noso. Agora hai problemas maiores. Vostedes fixeron unha carta aos Reis Magos, nos fixemos o mesmo e dicen que non son capaces. Entón é que mentiron para chegar ao goberno.

Dixo que tiveron diálogo cos sindicatos, pois máis ou menos, despois de ter a reunión cos sindicatos hai que ter outra cos partidos para explicar o que queren. Veu un policía local e me deu a convocatoria do pleno cos orzamentos incluídos antes da última reunión, xa non había nada que negociar. O máis grave é o rumbo, a maioría é gasto corrente, non hai inversión se non ven de fora. Non se pode vender un orzamento de dez millón se as inversións non son reais. A xunta boicotea sistemáticamente o centro de saúde ao non poñer un só euro. Isto se pode facer a unha persoa que é portavoz do PSOE, pero non a unha persoa que está na xunta de goberno de Baltar. O concello de Muiños leva máis do 500% que o de Ribadavia, caciquee para Ribadavia. Consiga esas inversións se quere o noso apoio, o campo fastidia que esté como está aos 15 días. É preocupante que o centro de orientación familiar segue pechado. O alcalde non fixo nada a ese respecto, nos pechan as cousas e cala. Houbo un cartel no museo de pechado por falta de persoal, ten que exercer de alcalde, que non nos pechen o que temos. Nos van a encontrar no diálogo, o diálogo se consegue sendo humildes, a humildade hai que exercela. Á oposición se lle fai feos constantemente. Cando se inaugurou o Museo do Viño nin se mencionaron as persoas que loitaron por él. A inauguración se retrasou meses para que non o inaugurase un alcalde socialista. Se pretendeu que os concelleiros do PSOE fosen ó poleiro. O outro día nos chegou un mensaxe de noite que ó día seguinte ía a haber unha visita dun concelleiro á unha; habería que avisar unha semana antes. Se ven o vicepresidente da Xunta ten que avisar a todos os grupos. Necesita de nos, non actúe como se tivese maioría absoluta.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Algúns están máis cómodos eiquí que nos despachos. Nos non incluímos as subvencións porque sería un incremento ficticio. Se van a conquistar e se van a incluír no orzamento 99.000 euros para A Veronza. A diferenza é que cando vostedes recibiron a Carta aos Reis Magos non houbo ningunha negociación, nos incluímos once medidas propostas por vostedes. Nunca tivo unha reunión conmigo, nas comisións lle dixen que non podía esperar máis. Hai un pleno compromiso sobre esas once medidas.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Non hai ningunha con números.

Alcalde.- Se está falando de ausencia de investimentos, de que quedan relegados a unha memoria. Esa técnica no ano 2017, sí foi suficiente para aprobar o orzamento, agora non vale. Este documento nun mes terá máis inversións, en dous meses máis e se irá incrementando progresivamente. O orzamento de 2019 preveía 300.000 euros de inversión, o de 2020 12.500 euros: o orzamento do ano pasado se aprobou en xullo, este en xaneiro. As inversións do orzamento de 2019 aumentaron ata os 500.000 euros, coas inversións que acadou este goberno.

A nosa liña aposta polas persoas, polo traballo que fai o tecido asociativo de Ribadavia, as medidas en diversos eidos son o vehículo para cumprir as mocións aprobadas neste pleno. Facemos un exercicio de responsabilidade e xenerosidade ao incorporar as propostas dos grupos; sen proxecto técnico non se sabe o custe da actuación. Se están realizando os proxectos. Nos traemos o orzamento por ser sensatos, supón un 19% de incremento no gasto social, que esté a disposición dos veciños canto antes. O capítulo de investimentos se va a engrosar nos próximos meses. É un xesto sincero incorporar as propostas dos grupos. Que o contido social do orzamento esté vixente dende principios de ano. Estamos convencidos de que é unha liña positiva de traballo. Se opta a subvencións que son por liña de concorrencia competitiva, a capacidade de captar inversións xa está parcialmente demostrada, se verá na liquidación do orzamento de 2019. Imos a seguir traballando, é un orzamento que redundará en

beneficio da vecindade e dos colectivos de Ribadavia, investir na xente. Temos vocación de consenso, somos conscientes da realidade numérica do pleno. O documento mellora as condicións de vida dos veciños e veciñas. Houbo diálogo social co comité de empresa e cos veciños. Agardamos que aínda que non sexa neste pleno o orzamento finalmente poida ser aprobado.

Sometida a votación a proposta obtéñese o seguinte resultado votos a favor PP (5), votos en contra PSOE (4), RBC (3), abstención BNG (1), non fica aprobado.

4.ADHESIÓN O PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ENTRE XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN E FIXACIÓN DE EMPRESAS DE GALICIA MEDIANTE A CREACIÓN DA INICIATIVA CONCELLOS BUSINESS GALICIA

Alcalde.- Por economía de tempo imos debater conxuntamente os puntos 4 e 5, e logo se votarán por separado.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica e Vitivinícola e Obras , na súa sesión de 23 de xaneiro de 2020 adoptou o seguinte ditame:

1º.- A adhesión o Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos Doing Business Galicia”.

2º.- Iniciar os trámites para dar cumprimento o establecido o referido protocolo coa modificación das respectivas ordenanzas fiscais.

3º.- Dar traslado do presente acordo a Federación Galega de Municipios e Provincias.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP , , reservanse para o Pleno PSOE, RBC, BNG, ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Non imos a negar que se favoreza a implantación de empresas, conleva uns requisitos e unhas bonificacións. Nos sorprende o nome en inglés. Esperamos que non sexa como a película de Benvido Mister Marshall , que a implantación de empresas non da chegado.

En Portugal para obter a nacionalidad hai que instalarse no interior do país, en Galicia , en Galicia parece que é ao contrario. Galicia non recibe nin o 1% da inversión extranxeira que chega a España,a Xunta o tería que explicar.

Hai que fomentar e que esté vivo o goberno local.

D Brais Fidalgo.- Anunciar a nosa abstención.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Imos votar a favor, é un convenio da Fegamp , non ten nada que ver coa implantación de empresas, é para obter ventazas nas solicitudes de subvencións. Os orzamentos aprobandoos hoxe , estarían en vigor en marzo.

Dª Mariluz Expósito Pérez (PP).- Trátase de unirse ao programa da Fegamp, suporía máis puntos nas liñas de subvencións.

Alcalde.- Agradecer ao BNG a súa abstención na votación do orzamento.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP (5) , abstención PSOE(4) RBC(3) BNG(1) ; fica aprobada.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS (IBI, IAE E ICIO) PARA OBTEN A HABILITACIÓN DE CONCELLO EMPRENDEDOR.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica e Vitivinícola e Obras , na súa sesión de 23 de xaneiro de 2020 adoptou o seguinte ditame:

PRIMEIRO.- Modificar as Ordenanzas reguladoras que se citan de seguido, de acordo co texto que obra no expediente:

- Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóveis de natureza Urbana, Rústica e de características especiais.
- Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Actividades Económicas.
- Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Construcións, Obras e Instalacións.

SEGUNDA.- De acordo co establecido no artigo 17,1 da Lei 39/88, o presente Acordo provisional, así coma o texto das Ordenanzas fiscais anexas ó mesmo, expóñase ó público no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante un período de trinta días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio de exposición.

Durante o período de exposición pública das Ordenanzas, os que tiveran un interese directo, nos termos que prevee o artigo 18 da Lei 39/1988, poderán examinalos expedientes e presentalas reclamacións que estimen oportunas.

Transcorrido o período de exposición pública sen que se presentaren reclamacións, o acordo adoptado quedará elevado a definitivo.

TERCEIRA.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda que se adopte, así coma o texto da Ordenanza, cuxa publicación conterá o texto completo da mesma.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP , , reservanse para o Pleno PSOE, RBC, BNG, ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP (5) , abstención PSOE(4) RBC(3) BNG(1) ; fica aprobada.

6.-DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS FORMULADAS EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE DESLINDE INICIADO POLO CONCELLO DE RIBADAVIA POR ACORDO PLENARIO DE 28 DE MARZO DE 2019, SOBRE CAMIÑO SITO NA PARAXE DE A PEDREIRA.

Alcalde.- A instancias do secretario, pide que se retire este punto do orde do día por unha cuestión legal. De plantexarse algunha dúbida o poden consultar con él.

7.- APROBACIÓN , SE PROCEDE, DA 15ª EDICIÓN DO PREMIO ABRENTE PARA TEXTOS TEATRAIS 2020 E DAS SÚAS BASES.

A Comisión de Cultura, Enoturismo e Termalismo , na súa sesión de 23 de xaneiro de 2020 adoptou o seguinte ditame:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria da 15ª edición do Premio Abrente para textos teatrais 2020 e as correlativas bases coa seguinte redacción:

Coa intención de incentivar e apoiar a creación dramática en lingua galega e por ser o teatro a actividade que maior incidencia e proxección histórica lle outorgou á ribadaviense Agrupación Cultural Abrente (1969-1983), o Concello de Ribadavia a través da Mostra Internacional de Teatro (MIT) convoca, en lembranza daqueles “Concursos de Textos Teatrais”, a 15ª edición do Premio Abrente para Textos Teatrais 2020, de acordo coas seguintes bases:

1ª REQUISITOS

Poderán optar ao premio todas as autoras e autores de calquera nacionalidade que presenten obra dramática inédita e nunca antes premiada ata a data de resolución desta convocatoria, sempre que estea escrita na normativa oficial da lingua galega.

2ª PREMIOS

Establécese un premio único e indivisible, dotado con 3.500 euros e a edición da obra gañadora.

O Concello reservará por un prazo de doce meses os dereitos de edición e representación da obra e entregará ao gañador/a un total de vinte exemplares. Igualmente, o Concello poderá promover, a través da Mostra Internacional de Teatro, a produción para a escenificación da obra premiada, sen que isto supoña unha compensación complementaria para o autor/a.

En calquera montaxe que se faga da obra gañadora farase constar, necesariamente, tanto no programa, cartel, publicidade, etc., a mención expresa “PREMIO ABRENTE DE TEATRO. MIT RIBADAVIA 2020”.

3ª PRESENTACIÓN DOS ORIXINAIS

As obras serán de tema e extensión libre e presentaranse por triplicado, mecanografadas a dobre

espazo, en tamaño DIN A4, fonte de letra Times New Roman, por unha soa cara e coas follas

numeradas, grampadas ou encadernadas.

Os orixinais presentaranse baixo o título e un lema ou pseudónimo, acompañados dunha plica onde

deberá figurar, no exterior, o título e o lema ou pseudónimo e conter, no interior, os datos persoais

da autora ou autor: nome, apelidos, DNI, enderezo postal, número de teléfono e correo electrónico.

4ª PRAZO E LUGAR DE ADMISIÓN

O prazo de admisión de orixinais remata o día 20 de xuño de 2020 e deberán enviarse ao seguinte

enderezo:

Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. Praza Maior s/n, C.P. 32400, Ribadavia, Ourense

Deberase indicar no exterior do sobre “15º Premio Abrente para Textos Teatrais, 2020”

5ª XURADO

O xurado presidirao o Alcalde de Ribadavia ou persoa en quen delegue e formarán parte del: a

Concelleira de Cultura ou persoa en quen delegue, o Director da Mostra Internacional de Teatro e

tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito da arte teatral. O nomeamento do xurado farao o

Alcalde e actuará como secretario/a a persoa elixida por maioría entre os membros integrantes.

A composición do xurado farase pública con anterioridade á súa reunión, coa intención de que se

poidan interpor, se fose o caso, as alegacións pertinentes.

6ª COMUNICACIÓN DO DITAME

O xurado actuará en sesión única, sendo precisa a asistencia de dous terzos dos seus membros.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente. A obra gañadora será

escolleita entre dúas obras finalistas, sendo a gañadora a que obteña un mínimo de catro votos. A

plica correspondente á obra finalista poderá ser aberta polo secretario do xurado se se considera

oportuno para que, se o autor/a o permite, se dea a coñecer de maneira pública. O veredito do

xurado será inapelable.

O xurado poderá declarar deserto o premio e a súa proposta será obxecto de resolución da Alcaldía-

Presidencia do Concello de Ribadavia, que é o órgano competente para resolver o premio.

A decisión do xurado darase a coñecer publicamente en xullo de 2020, no contexto da XXXVI

edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

7ª RETIRADA DE ORIXINAIS NON PREMIADOS

Os orixinais non premiados poderán ser retirados das dependencias do Concello de Ribadavia no

prazo de 30 días naturais a partir do seguinte da decisión do xurado. Aqueles orixinais que non

sexan retirados nun prazo de dous anos pasarán a formar parte dos fondos do Concello, previa

destrución das plicas que conteñen os datos persoais dos concursantes.

8ª ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases. A entidade organizadora

queda facultada para resolver calquera cuestión non prevista nas presentes bases.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP , , reservanse para o Pleno PSOE, RBC, BNG, ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

Sometida a votación a proposta fica aprobada por unanimidade.

8.- MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA IMPULSE A MEMORIA HISTÓRICA EN RIBADAVIA E O RIBEIRO.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica e Vitivinícola e Obras , na súa sesión de 23 de xaneiro de 2020 adoptou o seguinte ditame:

Exposición de Motivos

A recente visualización da Placa do fascista criminal Queipo de Llano na Praza de Abastos de Ribadavia, despois da poda da arbore que a tapaba, na actual rúa Banda Lira, volve recordarnos a todos e todas as cidadás e tamén a representantes políticos que aínda queda moito por facer no noso municipio en favor da Memoria Histórica.

Xusto é recordar que o nome desta rúa xa foi democratizado e desde fai anos chamase Rúa Banda A Lira.

En **abril do 2016**, na pasada lexislatura, era aprobada unha Moción para que o Concello de Ribadavia realizara unha Homenaxe ao derradeiro Alcalde republicano de Ribadavia e pola Defensa da Memoria Histórica e a Dignificación dos Represaliados. Esta Moción impulsada conxuntamente polos grupos de Ribeiro en Común e BNG de Ribadavia só foi levada a cabo en parte. **Entre os acordos aprobados estaba a de establecer** a política da memoria histórica nas prioridades políticas do Concello e a Eliminación da simboloxía fascista das rúas de Ribadavia.

Os acordos da Moción aprobada en 2016 dicía: **Declarar o ano 2016 como Ano da Memoria no Concello**

de Ribadavia, e o Ano de homenaxe aos republicano e republicanas ribadavienses, para poñer en valor a figura destes republicanos, rematando o ano da homenaxe o propio día 9 de febreiro de 2017. Facer Homenaxe ao derradeiro alcalde republicano de Ribadavia e a todos os republicanos e republicanas ribadavienses os días 20 de xullo 2016 e o 9 de febreiro de 2017. A organización ao longo de 2016 dun programa de actividades de investigación, divulgación e homenaxe sobre as vítimas do franquismo. No que atinxe á divulgación, prestarase especial atención aos centros educativos. No que atinxe a investigación, colaborar co museo Etnolóxico e asociacións e persoas especialistas na materia. Para a homenaxe debese tomar os datos históricos xa estudados para poñerse en contacto coa familia aínda viva de todos os ribadavienses asasinados como consecuencia do golpe de estado de 1936, e que estea interesada en participar. A lectura e publicación dos nomes das represaliadas, tendo en conta a conformidade das súas familias, respectando profundamente a aquelas que non queiran participar. A homenaxe debera consistir cando menos no seguinte: 1. Instalación dunha placa en lembranza na entrada da casa consistorial de Ribadavia, a cal rece: “en homenaxe a todos os ribadavienses que deron a súa vida pola liberdade e a república, e ao derradeiro Alcalde republicano de Ribadavia Benito Gallego Montero”. E asinada polo Pobo de Ribadavia. 2. Instalación de placa conmemorativa no cemiterio municipal onde están soterrados os restos de Benito Gallego Montero.

Reclamamos ao goberno municipal que inclúa a política da memoria histórica nas súas prioridades políticas. Eliminación da simboloxía fascista das rúas de Ribadavia. A declaración da ponte vella que une os concellos de Ribadavia e de Castrelo de Miño como “A ponte da memoria”. Dar traslado deste punto do acordo ao Concello de Castrelo do Miño. Posicionamento do Concello de Ribadavia a prol da derogación da Lei de Amnistía de 1977.

Na actual lexislatura, no pasado pleno de novembro de 2019, o grupo municipal do PSOE de Ribadavia, reclamaba tamén nunha Moción a retirada desta Placa de Queipo de Llano, Moción tamén aprobada, e que sen embargo aínda non foi realizada.

Para o noso grupo a historia e o exemplo das Irmás Touza tamén son parte da nosa Memoria Histórica, e por iso en setembro do 2017 rexistramos a Moción para que o Concello de Ribadavia promova unha homenaxe ás irmás Touza de Ribadavia, esta foi aprobada cos seguintes acordos: 1. *Que o Concello de Ribadavia tramite expediente de honra para as Irmás Touza e todas as veciñas e veciños que protagonizaron a rede de solidariedade humana. Expediente de honra que debe ser realizado por unanimidade da Corporación e do Pleno. 2. Que o Concello de Ribadavia tramite o nomeamento dunha rúa de Ribadavia co nome de “Irmás Touza”, cuxa elección, ubicación, e contido da placa, debe ser realizado todo por unanimidade da Corporación e do Pleno. Para a cal propoñemos a rúa onde se sitúa a súa casa natal.*

3. *Que o Concello de Ribadavia realice as seguintes accións de homenaxe:*

– *Colocación placa comemorativa na estación de ferrocarril de Ribadavia no mesmo lugar que estaba ubicado o quiosco que rexentaban as irmás Touza.*

– *Colocación dunha nova placa comemorativa na casa das irmás Touza que veña a substituír a actual placa deteriorada e agochada [unha placa de maior tamaño, no exterior do soportal para darlle unha situación preferente, e de acordo á normativa urbanística].*

– *Nomeamento dunha rúa de Ribadavia co nome de “Irmás Touza. Lola, Amparo e Julia, loitadoras pola liberdade”, cuxa elección, ubicación, e contido da placa debe ser realizado por unanimidade da Corporación e do Pleno.*

– *Organización de xornadas con especialistas sobre a memoria histórica centrada na historia da rede de fuxida organizada polas irmás Touza e a veciñanza de Ribadavia que formou parte da mesma.*

– *Homenaxe a todas as veciñas e veciños ribadavienses que participaron nesta heroica rede de*

solidariedade, e cando menos a : Lola Touza, Amparo e Julia Touza, José Rocha Freijedo , Javier Minguéz Fernández, Ricardo Pérez Parada e Ramón Estévez.

4. Que o Concello de Ribadavia dea traslado destes acordos ás familias máis directas existentes destas veciñas e veciños. Que se dea traslado deste acordo á Asociación “Centro de Estudos Medievais” de Ribadavia, a organizacións para a recuperación da memoria histórica de Galicia, a organizacións non gubernamentais de recuperación da memoria do holocausto contra o pobo xudio, e a Fundación Yad Vashem.

A Memoria Histórica debe ir máis alá do noso municipio, e nese sentido semella urxente que o noso Concello, como capital comarcal, se involucre e colabore con todos os Concellos da comarca, que así o queiran, e con asociacións e cidadanía da comarca en favor da posta en valor e recuperación da Memoria Histórica do Ribeiro.

A historia ensínanos que para non repetir os feitos é preciso dalos a coñecer.

1 Que o concello de Ribadavia estableza a política da memoria histórica nas súas prioridades políticas e leve a cabo toda substitución da simboloxía, nomes e referencias fascistas das rúas do municipio de Ribadavia. Urxindo a retirada inmediata da placa do fascista criminal Queipo de Llano.

2 Que se constituía unha comisión municipal, formada por representantes políticos e especialistas na materia para abordar medidas e políticas a favor da Memoria Histórica a levar a cabo en Ribadavia, e tamén para propoñer e ofrecer colaboración a outros municipios do Ribeiro e asociacións que o demanden. Esta Comisión terá como labor o estudo e proposta de medidas a levar a cabo a favor da Memoria Histórica para ser aprobadas no Pleno , entre elas xornadas técnicas, posibles cambios de nomes de rúas, homenaxes, e retirada de simboloxía.

3 Que se leven a cabo os acordos aprobados con anterioridade neste pleno a favor da Memoria Histórica , entre eles a elaboración dunhas Xornadas de Memoria Histórica e o impulso das medidas de posta en valor da figura dos republicanos represaliados así como tamén da figura das Irmás Touza.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC ,PSOE , reservanse para o Pleno PP, BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- O primeiro punto ven a colación dunha proposta do PSOE, ao cortar un árbore apareceu unha placa do fascista e golpista Queipo de Llano. Xa se puido retirar antes do pleno. Iremos máis alá , falamos dunha comisión con novas propostas como a que figura no punto 3º.

A moción das Irmás Touza está reiteradamente aprobada, a placa non está a nivel da súa figura.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- A nosa postura é de apoio evidentemente, a postura do BNG é moi clara neste punto. É fundamental que se cumpran os acordos adoptados.

D Manuel Vázquez López (PSOE).- O noso grupoxa pediu a retirada de todas as placas do réxime anterior.

Dª Mariluz Expósito Pérez (PP).- Se a placa non está retirada hoxe é porque os operarios non tiveron tempo, maña sen falta se retira.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Agradecer o apoio a moción e esperamos que se cumplan os tres puntos.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

9.- MOCIÓN RBC EN DEFENSA DO SERVIZO PÚBLICO GALEGO DE SAÚDE EN RIBADAVIA, NO RIBEIRO , NA ÁREA SANITARIA DE OURENSE E EN TODA GALICIA.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Hai unha moción semellante do BNG.

Alcalde.- Imos acumular o debate dos puntos nove e dezaioito e a moción de urxencia do PSOE.

A urxencia da moción do PSOE fica aprobada por unanimidade.

A Comisión de Política Social, Sanidade e Participación Cidadán , na súa sesión de 23 de xaneiro de 2020 adoptou o seguinte ditame:

Exposición de Motivos

A sociedade de Ribadavia e a propia corporación municipal do Concello está preocupada pola situación e perspectivas da sanidade pública tanto do noso Concello como da Área de Saúde á que pertencemos, como consecuencia da política sanitaria da Xunta de Galicia, presidida por Feijóo, baseada nos recortes de recursos, o desmantelamento de hospitais comarcais, o abandono dos Centros de Atención Primaria, a ocultación e manipulación das listas de espera, a precarización e explotación do persoal e a privatización, que está levando a sanidade pública a un punto de difícil retorno se non a paramos entre todos.

As protestas dos Centros de Saúde, o levantamento da poboación de Verín contra o peche do paritorio do seu hospital, as protestas de pais e nais e poboación contra a falta de pediatras, son algunhas das manifestacións do malestar cidadán fronte a esta crise sanitaria.

Cremos que estamos ante un momento importante para o noso municipio, na que a Corporación Municipal, e como representantes do conxunto da cidadanía, e indistintamente da forza política á que pertencen os seus membros, deberíamos traballar conxuntamente para que en Ribadavia e no Ribeiro se poida dispor e acceder a uns servizos sanitarios públicos de calidade.

Non se pode nin se debe admitir o deterioro do noso sistema polos recortes e privatizacións do Sistema Sanitario Público. Os municipios da Área de Saúde do PAC do Ribeiro e da Área hospitalaria de Ourense, necesitan uns servizos públicos de sanidade acordos co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais.

Así se veu defendendo por parte dos grupos progresistas desta corporación neste Pleno e así seguiremos a defendelo, porque é de xustiza.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes ACORDOS:

1º. Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellaría de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais dos nosos Centros de Saúde e dotalos do persoal, necesario para garantir unha atención accesible e de calidade. Reiterar as Mocións aprobadas neste Pleno en favor dos servizos do PAC de Ribadavia e da reforma do propio edificio.

2º. Esixir ao Goberno galego o cese da política de desmantelamento e peche de servizos no PAC de Ribadavia e no Hospital da nosa Área, que é o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, CHUO.

3º. Revisar por parte do Goberno galego os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

4º. Redución drástica do Goberno galego das listas de espera e tempos de demora das consultas de atención especializada, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar con a manipulación das mesmas.

5º. Que o Goberno galego palie a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área Sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

6º. Que o Goberno galego Acabe coa política de privatizacións de recursos e de derivar pacientes as clínicas privadas de xeito innecesario.

7º. Que o Goberno galego Acabe coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.

8º. Comunicar a presente Moción da Corporación Municipal de Ribadavia á Consellaría de Sanidade, ao conxunto dos Concellos do Ribeiro e da área sanitaria do CHUO, así como ao conxunto da poboación e dar, cos medios posibles para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.

A Corporación municipal do Concello de Ribadavia está preocupada pola situación e perspectivas da sanidade pública tanto do noso concello como da Área de Saúde de Ourense, como consecuencia da política sanitaria da Xunta de Galicia, baseada nos recortes de recursos e orzamento, no

desmantelamento de hospitais comarcais, no abandono dos Centros de Atención Primaria, na ocultación e manipulación das listas de espera, na precarización do persoal, recorte de camas hospitalarias, privatización e externalización de servizos esenciais, derivacións de doentes a centros privados, desatención clamorosa da saúde mental e das mulleres.

As protestas dos Centros de Saúde, o levantamento da poboación de Verín contra o peche da sala de partos do seu hospital e as protestas de nais e pais contra a falta de pediatras ou psicólogos, como tamén ten sucedido no PAC de Ribadavia, son algunhas das manifestacións do malestar cidadán fronte a esta crise sanitaria.

Creemos que estamos ante un momento importante, en que a Corporación municipal como representantes do conxunto da cidadanía, indistintamente da forza política á que pertenzan os seus membros, deberíamos traballar conxuntamente para que no noso concello e na Área Sanitaria de Ourense se poida dispor duns servizos sanitarios públicos de calidade. Necesitamos uns servizos públicos de sanidade acordes co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais.

Por estes motivos, **o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte**

ACORDO

PRIMEIRO. Apoiar a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública, o vindeiro 9 de febreiro en Compostela.

SEGUNDO. Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

TERCEIRO. Reducir as listas de espera e tempos de demora das consultas de atención hospitalaria, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa súa manipulación.

CUARTO. Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.

QUINTO. Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

SEXTO. Plan de Mellora da Atención Primaria, da Saúde Mental e de Atención á Saúde das Mulleres.

SÉTIMO. Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellaría de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais do nosos Centros de Saúde e dotalos do persoal necesario para garantir una atención accesíbel e de calidade.

OITAVO. Comunicar a presente moción á Consellaría de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posíbeis para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol BNG,PSOE, RBC , reservanse para o Pleno PP , ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- As mocións difieren un pouco, o sentido prioritario da nosa é o apoio á manifestación de SOS Sanidade. Xa se aprobaron dúas mocións no pleno con este tema. A manifestación do 9 de febreiro é para pedir unha serie de cuestións en temas que están en precario. Hai unha preocupación maioritaria dos grupos da corporación con este tema. Que se solucionen as deficiencias nos ambulatorios , que se apoie á sanidade pública que está en precario.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- É a proba de que estamos para facer política, as boas declaracións non son suficientes. O pediatra voltou polo de agora a Verín, o surrealismo máximo de Feijoo , o pediatra va a Verín e queda sen él Corcubión. Uns invisten nas persoas e outros somos comunistas, comemos nenos e torpedeamos o ben común de Ribadavia. Este grupo leva anos traballando por Ribadavia, nos gustaría facelo dende o goberno. Traballamos honestamente polo ben de Ribadavia.

O Centro de saúde e a educación non son competencia municipal, pero os gobernos municipais ten moito que decir. Que o goberno municipal se enfrente ao seu xefe de partido que é o que fai os recortes. Imsos votar a favor da moción do BNG.

D^a Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- O PSOE en xullo de 2013 entregou 1.300 firmas contra o recorte de persoal de unha enfermeira; en decembro de 2017 manifestamos a nosa preocupación pola plaza de psicólogo no Centro de Orientación Familiar. O PP dixo que se mentía para xenerar alarma social. Dende xullo o psicólogo desapareceu, atendía a toda a comarca. ¿Onde acuden estes pacientes? Se produce unha discriminación coa comarca de Carballiño que si conta con este profesional. Nos preguntamos se co pediatra vai a pasar o mesmo que co psicólogo. Se Gonzalo Caballero fose presidente da Xunta nos non permitiríamos que desmantelase o noso concello. O problema é o desmantelamento dos servizos do rural. Pedimos que o grupo de goberno faga algo, que pete na mesa polo seu concello.

Felicitar á poboación e aos sanitarios de Verín que fixeron recuar a Feijoo. Hai que seguir movilizándonos, que se cubran as baixas, que non se pechen as plantas no verán, que non se colapsen as urxencias. A atención primaria se presta dunha maneira moi deficiente. Se converte a sanidade nunha mercadoría coa que negociar. Imos propor unha engadega á moción do BNG: Que o concello de Ribadavia facilite autobuses para o transporte dos veciños á manifestación.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Nos sempre estaremos a favor dos veciños e veciñas de Ribadavia. Nos imos a abster nas mocións de RBC e BNG. Na moción do PSOE imos a votar en contra, porque non é legal, o interventor dixo que o subvencionar os autobuses se podería incurrir en malversación de caudais públicos.

D^a María Teresa Rodríguez Estevez (BNG).- Todas as demandas son xustas e imos a votar a favor das tres mocións.

D^a Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- Facer fincapé sobre que información hai sobre o psicólogo e o pediatra, se necesita solución.

Alcalde.- O servizo de pediatra está restablecido, o psicólogo se espera unha solución.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE (4), RBC (3), BNG (1), abstención PP (5), fica aprobada.

10.-MOCIÓN BNG SOBRE OS DANOS CAUSADOS POLOS TEMPORAIS E AS RESPONSABILIDADES DAS COMPAÑÍAS ELECTRICAS SUBMINISTRADORAS.

Ao longo deste inverno producíronse en Galiza unha serie de temporais sucesivos que acadaron a súa maior intensidade os días 21 e 22 de decembro de 2019 e tiveron como consecuencia máis grave a perda de vidas humanas. Ademais, causaron importantes danos en propiedades privadas, no sector primario, na actividade industrial e de servizos e en infraestruturas e equipamentos públicos.

Un dos efectos máis graves foi o dos cortes do subministro eléctrico que afectaron a milleiros de galegos e galegas durante máis de 48 e 72 horas. Unha situación que ten a ver coas deficiencias da infraestrutura da rede eléctrica, co abandono dos labores básicos e continuados de mantemento das liñas eléctricas e co insuficiente e tardío operativo das empresas distribuidoras e subministradoras finais de enerxía eléctrica. Tendo en conta a gravidade da situación, cómpre facer unha primeira avaliación dos danos producidos e aprobar un decreto de axudas para facer fronte ás perdas tanto no ámbito público como privado. Alén diso, para evitar que situacións tan calamitosas se volvan a repetir tamén cómpre inspeccionar e revisar as obrigas que

deben cumprir as empresas eléctricas respecto da conservación axeitada da infraestrutura eléctrica, esixindo as responsabilidades oportunas así como impondo un plan de mellora constante da rede eléctrica ás distribuidoras. Non é aceptábel que Galiza, sendo produtora e excedentaria de enerxía eléctrica, con numerosos encoros, minicentraís, centrais térmicas ou parques eólicos instalados ao longo do seu territorio que xeran enerxía sen parar, tendo que asumir os custes ambientais de dita actividade, estea obrigada ademais a soportar unha pésima calidade no subministro eléctrico.

Mesmamente no noso concello somos coñecedores deste caso de primeira man. Sufrimos, en varias parroquias do noso concello debido aos cortes de luz producidos polos temporais permaneceron sen luz non menos de 24 horas ou o alumeadado público non funcionou durante dúas noites.

E vimos como os concellos limítrofes tiñan os mesmos problemas, pese a contar cunha central hidroeléctrica ao noso caron que cada vez reporta menos beneficios aos nosos veciños tendo que asumir o impacto ambiental que supuxo e supón o seu funcionamento.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar ao Goberno galego a:

a) Facer unha avaliación urxente e un estudo dos danos producidos polos temporais nas infraestruturas e servizos de titularidade pública e privada: infraestruturas e equipamentos públicos, mobiliario, equipamento e bens dos fogares; infraestruturas e bens do sector primario, actividade industrial e sector servizos.

b) Aprobar axudas para os concellos, fogares e empresas que sufriron perdas como consecuencia dos temporais.

c) Esixir responsabilidades ás empresas titulares das infraestruturas polo mal estado das mesmas e ás prestadoras de servizos de subministro eléctrico polo tardío e deficiente operativo de resposta para minimizar os efectos dos cortes do servizo.

d) Obrigar ás empresas subministradoras de enerxía a efectuar unha auditoría da situación das liñas eléctricas en Galiza, presentar un plan para subsanar as deficiencias urxentes e unha programación para acometer os investimentos precisos de forma continuada que garantan unha axeitada conservación da infraestrutura eléctrica.

3. Prestar apoio e asesoramento á veciñanza afectada a través dos servizos municipais, a fin de axudar na presentación de reclamacións ou solicitudes de axudas, así como efectuar o seguimento na súa tramitación, para compensar os danos e perdas sufridos con ocasión do temporal.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Hai que esixir responsabilidades ás compañías eléctricas , houbo cortes de 48 e 72 horas. Ribadavia foi un concello afectado. Para moitas persoas non ter electricidade tanto tempo é un transtorno. As empresas eléctricas non coidan ben das infraestruras. Galicia ten tanto encoro e non ten o servizo que nos merecemos. Non se pode vivir con esta precariedade a estas alturas.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Estou tratando de asumir porque o PP non votou a favor da última moción de RBC. Se ve que o de investir en persoas era mentira. É difícil manter a compostura ante esta absoluta degradación.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Hai unha solución técnica a abordar polas empresas que suministran. Hai que esixir ás empresas eléctricas que se poñan as pilas, non invisten o que teñen que investir, ten pouco persoal. Atopei unha cousa que desmonta outra mentira. Me retaba a ter unha reunión, que por mi culpa non se arreglou o suministro eléctrico en Francelos, que eu me negara ao retranqueo e arreglo do transformador en Francelos. ¿ Canto lle costa ao concello o retranqueo da liña en Francelos? 28.000 euros. Eiquí esta o plano onde non se contempla o retranqueo do que se fala. O alcalde dixo que o retranqueo o tiña que facer a empresa. Pedían levantar para volver a poñer a pedra, cando xa se levaba un kilómetro. Todo o mundo coñece a miña relación laboral con esa empresa. As empresas se non arranxan os problemas nos meten un gol.

D^a Mariluz Expósito Pérez.-Imos votar a favor. Non temos constancia de ningún veciño con danos graves, máis alá dun caso puntual. Dende o que nos podemos, xa axudamos. As empresas están para facer beneficios. Son 15.000 euros, non é retranquear e retirada dos postes. Nos pagamos en Francelos as beirarrúas que fixeron vostedes e conseguimos o diñeiro para rematalas.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

11.- MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA MELLORE OS CAMPOS DAS FESTAS E OS PARQUES DAS PARROQUIAS , E COLABORE NA MELLORA DO PARQUE DE FRANCELOS, A INSTALACIÓN DE BAÑO PÚBLICO E CREACIÓN DUNHA INSTALACIÓN PARA A COMISIÓN VECIÑAL DE FESTAS.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica e Vitivinícola e Obras , na súa sesión de 23 de xaneiro de 2020 adoptou o seguinte ditame:

Exposición de Motivos

No Pleno de Xullo Ribeiro en Común defendeu unha Moción na que se reclamaba unha maior implicación e axuda do Concello de Ribadavia nas festas veciñais e eventos asociativos.

Así, reclamabamos unha maior atención na mellora das infraestruturas festivas, veciñal e municipal, xa que atópanse moitas veces en mal estado: farolas, bancos, parques, vexetación abandonada.

Agora, o noso grupo ten constancia de que a Comisión de Festas de Francelos, propón e pide que desde o Concello se colabore con eles para destinar recursos veciñais, para a construción no parque público de Francelos, utilizado tamén como campo da festa, unha estrutura pública que conteña: baños públicos, e unha zona para utilizar ben de almacén, e de barra de bar da comisión para eses días nas que teñen lugar as festas desta parroquia.

Desde as Comisións das Festas de Francelos de varios anos lograron acumular aforro e ofrecen ese diñeiro para executar dita obra, a cambio piden que o noso Concello, desde o Departamento de Arquitectura, colaboren na realización do proxecto e no proceso burocrático para desenvolver dita obra.

Ribeiro en Común considera que o esforzo que realizan as asociacións culturais e veciñais, así como as diferentes comisións de festas que existen no municipio de Ribadavia deberían ter unha resposta maior e mellor por parte da implicación e colaboración do Concello de Ribadavia nas mesmas. Neste sentido o Concello de Ribadavia pode e debe facer moito máis.

Por outra banda, seguimos reclamando a mellora dos campos das festas e dos parques das parroquias do municipio, o seu mantemento e obras de mellora como:

- Melloras nos campos das festas: reposición de instalacións de luz e electricidade obsoletas ou avariadas, reposición de centros de xogo e parques en mal estado, mellora do mantemento, desbroce e limpeza, mellora de bancos e mesas.
- Estudo de posibilitar outro tipo de mellora que axuden na organización festiva e do evento.

Por último, non nos podemos esquecer de dúas das infraestruturas que son das máis usadas e máis importantes nas accións culturais, eventos veciñais e do Concello, así a pesar de reclamalo ao inicio da lexislatura volvemos reclamar: A Mellora dos vestiarios do Auditorio do Castelo, así como a mellora do local social da Madalena.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes ACORDOS:

1º. Que o Concello de Ribadavia colabore, axude e participe da mellora do parque de Francelos co seguinte:

- mellora dos elementos móbiles deste parque e do seu mantemento.

- construción dunha pequena edificación destinada por un lado a Baños públicos e doutro lado a espazo para as diferentes Comisións organizadoras das festas.

2º. Que o Concello de Ribadavia se implique máis e colabore na mellora, investimento e mantemento dos campos das festas e parques públicos de todo o municipio.

- Melloras nos campos das festas: reposición de instalacións de luz e electricidade obsoletas ou avariadas, reposición de centros de xogo e parques en mal estado, mellora do mantemento, desbroce e limpeza, mellora de bancos e mesas.

- Estudo de posibilitar outro tipo de mellora que axuden na organización festiva e do evento.

3º. Que o Concello de Ribadavia mellore os vestiarios do Auditorio do Castelo, así realice un investimento de mellora do local social da Madalena.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC , , reservanse para o Pleno PP, PSOE, BNG ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D Enrique Rodríguez Alejos (RBC).- Xa trouxemos unha moción parecida ao pleno de xullo, para mellora dos parques e colaborar coas asociacións. O parque de Francelos, costou moitos cartos, está en mal estado e está mal estruturado. Vai moita xente. A comisión de festas quere unha estrutura pública no parque, e teñen cartos do pobo para facelo. Piden a axuda do concello na redacción do proxecto e no proceso burocrático.

Dª Maria Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Esta moción xa se presentou con anterioridade. Que os campos das festas estén no mellor estado posible para o disfrute de todos. Non sabemos se a comisión de festas xa fixo no concello a solicitude.

D Enrique Rodríguez Alejos (RBC).- Xa falaron co concello.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Hai Francelos, hai San Cristovo, hai Santo André,....

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Estamos de acordo con casi todo. Nos suscita algunha dúbida que ten que haber unha petición oficial de cara o concello. Se hai solicitude de acordo. Os parques quedan obsoletos. Se fala de mellora de parques infantís en Santa Cristina e A Franqueirán, primeiro que existan.

Alcalde.- Mellorar o de Santa Cristina e facer o de Franqueirán. Se dirixiron o concello, dous directivos da levada , se comprometeu o apoio na medida do posible. Se require unha modificación puntual das normas urbanísticas. Se colabora coas comisións de festas como fixeron os gobernos anteriores. Para esta cuestión concreta dos columpios, facer uns baños e cantinas se está vendo co servizo de arquitectura.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Se informou que os veciños fixeron a reclamación, que recibiron boas palabras e que non se facía nada. Moitos veciños reciben boas palabras pero se teñen que transformar en feitos. Por encima dos técnicos están os gobernos dentro da lei.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

12.-MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA ASUMA INICIATIVAS DE MELLORA DO TRANSPORTE PÚBLICO, RECLAME UN VERDADEIRO PLAN DE TRANSPORTES E PROPOÑA UN PACTO COMARCAL EN DEFENSA DO TRANSPORTE PÚBLICO DE RIBADAVIA E DO RIBEIRO, TAMÉN APOSTANDO POLA FUNCIONALIDADE DA ESTACIÓN DE FERROCARRIL E DE AUTOBÚS.

A Comisión de Servizos Municipais, Medio Rural e Medio Ambiente , na súa sesión de 23 de xaneiro de 2020 adoptou o seguinte ditame:

Exposición de Motivos

O recente anuncio de que ADIF/RENFE volve deixar de vender billetes na nosa estación, ao tempo que tamén desaparecen noutras comarcas do país, leva ao noso grupo a poñer o punto de atención na precariedade que existe no transporte público no noso municipio e na comarca do Ribeiro, máis alá do feito puntual da billeteira presencial.

O Ribeiro e Ribadavia só terá futuro se entre todos e todas somos quen de impulsar a existencia dun verdadeiro servizo de transporte público que na actualidade e dunha extrema precariedade no noso territorio.

- Situación transporte comarcal.

Oferta horaria:

Estacións:

- Situación Tren.

- Situación Buses.

- Situación Taxi.

1 Que o concello de Ribadavia inste ao goberno galego, e ao Goberno do Estado a impulsar un Plan de Transporte Público coa base posta nunha rede de transporte colectivo atractivo polo número de frecuencias e rutas, baixo as premisas de fiabilidade, puntualidade, accesibilidade e competitividade en tempos. Que a Xunta de Galicia e o goberno do Estado se impliquen realmente na mellora do transporte público , cando menos as seguintes medidas:

-Ampliación horaria do servizo de tren e bus desde Ribadavia a Ourense, Vigo e Carballiño , cunha oferta horaria de adecuación aos horarios laborales de ensino, médico, etc

-Mellora da infraestrutura e do servizo de transporte público , nomeadamente das Estacións de tren e bus, coa restauración do servizo de venda persoal e presencial na de tren, e do aumento do horario deste servizo na de bus.

2 Que se lle dea traslado deste acordo a todos os concellos da comarca do Ribeiro para que se sumen a este acordo e petición para a comarca do Ribeiro. Relanzamento do servizo público do Taxi desde o concello de Ribadavia , na actualidade moi desatendido. Sinatura de convenio destinado a mellora entre concellos da comarca e reforzamento de Ribadavia como capital comarcal de servizos públicos e de comercio.

3 Que se lle dea traslado deste acordo á Adif-Renfe, á Xunta de Galicia, á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, á Dirección Xeral de Mobilidade; á Subdelegación do goberno do Estado en Ourense; e á Deputación provincial de Ourense; así como Asociacións de comerciantes, Centros de Ensino; Consellería de Educación, Anpas; e Sindicatos para que se sumen a

este acordo de mellora do transporte público en Ribadavia e na comarca do Ribeiro.

4 Que o concello de Ribadavia reclame á Xunta de Galicia e ao goberno do Estado a implicación real na mellora do transporte público , e reclame cando menos as seguintes medidas:

Encontros bilaterais entre unha representación plural do noso concello con ADIF e Xunta para trasladar as nosas demandas e peticións de mellora.

Relanzamento do servizo público do Taxi desde o concello de Ribadavia , na actualidade moi desatendido. Sinatura do convenio destinado á mellora entre concellos da comarca e reforzamento de Ribadavia como capital comarcal de servizos públicos e de comercio.

Mellora da infraestrutura e do servizo de transporte público.

Mellora da oferta horaria e adecuación aos horarios laborais , docente , médico, etc

5 Que se lle dea traslado deste acordo a todos os concellos da comarca do Ribeiro para que se sumen a este acordo e petición para a comarca do Ribeiro. Relanzamento do servizo público do Taxi desde o concello de Ribadavia , na actualidade moi desatendido. Sinatura de convenio destinado a mellora entre concellos da comarca e reforzamento de Ribadavia como capital comarcal de servizos públicos e de comercio.

3 Que se lle dea traslado deste acordo á Adif-Renfe, á Xunta de Galicia, á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, á Dirección Xeral de Mobilidade; á Subdelegación do goberno do Estado en Ourense; e á Deputación provincial de Ourense; así como Asociacións de comerciantes, Centros de Ensino; Consellería de Educación, Anpas; e Sindicatos para que se sumen a este acordo de mellora do transporte público en Ribadavia e na comarca do Ribeiro. Que se lle dea traslado deste acordo a todos os concellos da comarca do Ribeiro para que se sumen a este acordo e petición para a comarca do Ribeiro.

6 Que o concello de Ribadavia cumpra e leve a cabo as propostas e mocións realizadas por varios grupos municipais na pasada lexislatura e aprobadas no Pleno municipal, e que implica necesariamente unha maior implicación do concello.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC ,PSOE, BNG , reservanse para o Pleno PP , ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Para RBC esta é unha cuestión fundamental, aínda que a competencia non é municipal. Non se pode deixar que as administracións superiores xoguen cos nosos dereitos, sen un transporte público digno non é posible que a xente viva e traballe en Ribadavia. Hai que implicar aos outros concellos e ao tecido social. O servizo de taxi é fundamental. Non podemos obviar esta cuestión Solicitamos a convocatoria da comisión de tráfico. A

situación das estacións é como mínimo mellorable, por non dicir que é insoportable. As frecuencias deben mellorar.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Totalmente de acordo. Non só e ter autobuses e trens, e ter uns horarios acaídos. O día 30 de decembro ADIF ía a eliminar a venda de billetes e instábamos o goberno a adoptar medidas.. Se dixo que o concello dirixiu unha carta xunto co concello de Carballiño.

D Manuel Vázquez López (PSOE).- Imos votar a favor.Ribadavia ten moito que mellorar en comunicacións, está moitas horas incomunicada con Ourense. Un aplauso ao alcalde de Carballiño que protestou ante Adif. Buscar o acordo cos concellos da comarca me parece ben. A estación de bus debe ter un cartel digno.O noso voto a favor.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Nos estamos traballando neste tema, estamos de acordo coa moción.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Que o concello de Ribadavia lidere este tema.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

13.- MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA MELLORE A POTENCIA E CALIDADE DE INTERNET NO NOSO MUNICIPIO, E SE SUME AO PLAN DE BANDA LARGA DE GALICIA 2020 DA XUNTA DE GALICIA.

A Comisión de Servicios Municipais, Medio Rural e Medio Ambiente , na súa sesión de 23 de xaneiro de 2020 adoptou o seguinte ditame:

Exposición de Motivos

Ribeiro en Común considera que non se debe seguir permitindo que sigan existindo numerosos núcleos do noso Concello con un nivel de servizo de internet pésimo, en ocasións mesmo inexistente, e que sen embargo o actual goberno non fixo nada para mellorar esta situación.

De sumarse o Concello de Ribadavia a este Plan, tal e como pide e propón Ribeiro en Común, significaría unha mellora moi importante deste servizo en todos os núcleos, tal e como ven de anunciar a Xunta, conseguindo ademais un servizo moi bo nos núcleos de máis de 500 habitantes do municipio.

A día de hoxe, a Fibra óptica só existe en Ribadavia na zona dos Chalés e na rúa Ribeiro en diante. Sen embargo, a zona do centro histórico de Ribadavia , así como todos os núcleos poboacionais do municipio quedaron historicamente illados deste importante servizo.

Xa no Pleno municipal do 28 de marzo de 2019 saia aprobada a Moción de Ribeiro en Común para que o Concello de Ribadavia mellore a potencia e calidade do servizo de internet no noso municipio, por entender o noso grupo que este servizo é moi importante no día a día da nosa veciñanza.

O servizo de internet é imprescindible para boa parte da cidadanía no seu día a día, como veciñanza para asuntos privados diarios, relacións coa Administración e tamén a nivel profesional e en negocios. En demasiados lugares do municipio temos unha rede moi deficitaria que non cumpre as expectativas que necesitan os veciños e veciñas a pesar moitas veces de pagar un prezo privado nada baixos nos seus contratos e da responsabilidade dalgunhas compañías.

Coa dotación de fibra óptica a novas zonas, se o Concello de Ribadavia se suma a este Plan tal e como pide e propón Ribeiro en Común, o servizo de internet melloraría enormemente, e recordamos que está pendente tamén de eliminar as actuais zonas de sombra na cobertura que son numerosas no noso municipio. O noso grupo ten constancia de reclamacións e dun servizo moi deficitario na Groba, Chabolas, Sanín, Santo André, Esposende, e tamén en zonas de Prexigueiro. E e seguro que existen máis zonas con este problema. Polo que desde o Concello debe facerse todo o posible por dar un bo servizo a toda a veciñanza, sen discriminación de onde viva e resida.

A Xunta fixo o anuncio público de que se aprobou o Plan de Banda Larga de Galicia 2020 co fin de que todos os galegos teñan acceso equitativo a redes ultrarrápidas de telecomunicacións. A Xunta afirma que con este Plan búscase garantir a máxima calidade do acceso á banda larga, asumindo os compromisos de dar cobertura de cando menos 30 megas para a práctica totalidade da poboación, así como servizos de banda larga por riba dos 100 megas para os núcleos de poboación de máis de 500 habitantes.

Este Plan fixa un investimento concreto e tres itinerarios de actuación claros: promover o acceso á banda larga de alta velocidade para todos os galegos, garantir un entorno favorable para axilizar a extensión de infraestruturas e favorecer a demanda de servizos de banda larga.

Ribeiro en Común reclama que desde o Concello de Ribadavia se tome a iniciativa para sumarnos a este Plan de Banda Larga da Xunta de Galicia 2020, cuestión que con data de hoxe non se fixo, e a pesar de que unha compañía de telefonía está levando a cabo xa este Plan.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1. Que o Concello de Ribadavia se sume ao Plan de Banda Larga de Galicia 2020 co fin de que todos os e as ribadavienses teñan acceso equitativo a redes ultrarrápidas de telecomunicacións no noso municipio.**
- 2. Que o Concello de Ribadavia invista en medidas técnicas para mellorar o servizo de internet en todo o municipio, priorizando aqueles núcleos onde o servizo é moi deficitario e non se poidan acoller a este Plan, de ser o caso. Sempre previo informe que estableza un estudo das necesidades reais veciñais e as súas demandas. O investimento público previo informe de necesidades e compromisos recíprocos.**

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC , , reservanse para o Pleno PP,PSOE, BNG , ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D Brais Fidalgo Martínez(RBC).- É un chamado ou petición a incorporarse ao Plan Banda Larga de Galicia. Nos vimos a solicitude de incorporación dirixida á Xunta de Galicia. O noso grupo xa trouxo mocións semellantes.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Hai zonas con moitos problemas neste tema. No orzamento se contempla unha partida para wifi no rural.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Estamos a favor.

Alcalde.- Non hai un protocolo de adhesión como tal estipulado, hai que mandar un informe.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

14.- MOCIÓN BNG PARA A RECUPERACIÓN DE LOCAIS MUNICIPAIS E A SÚA CESIÓN A ASOCIACIÓNS DE RIBADAVIA.

A Comisión de Servicios Municipais, Medio Rural e Medio Ambiente , na súa sesión de 23 de xaneiro de 2020 adoptou o seguinte ditame:

Na rúa Salgado Moscoso atópase a casa que fora dende a Idade Media albergue de pelegríns, hospital Nosa Maria dos Anxos e finalmente fogar dos xubilados de Ribadavia, un inmovible de propiedade municipal no que actualmente se atopa sede do Consello Regulador, institución que dende hai anos ten previsto seu traslado ate o centro comarcal (rúa de Redondela), en instalacións que a consellería de Medio Rural cedeu mediante convenio asinado por ambas partes o 15 de febreiro de 2017.

Tres anos despois, este cambio de ubicación segue sen concretarse e a maior parte do centro comarcal permanece pechado. Isto está prexudicando aos nosos colectivos, xa que a maior parte das asociacións de Ribadavia carecen de instalacións nas que desenvolver as súas actividades.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1.Instar á Consellaría do Medio Rural e ao Consello Regulador da D. O. Ribeiro a facer efectivo o convenio asinado entre ambas partes en febreiro de 2017 polo que a Consellería cede algo máis de 700 metros cadrados nas plantas segunda e baixo cuberta do inmovible da Oficina Agraria Consello Regulador, co fin de que sirva como sede desta entidade.

2. O concello de Ribadavia, unha vez recuperado o uso do inmoble da rúa Salgado Moscoso no que se atopa actualmente a sede do Consello Regulador, procederá ao seu acondicionamento para, preferentemente, poñer as súas instalacións a disposición das asociacións locais.

3. O Concello de Ribadavia elaborará un regulamento de uso das instalacións e cederá locais para o seu uso polo tecido asociativo conforme a bases públicas de adxudicación.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol BNG , , reservanse para o Pleno PP,PSOE, RBC , ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- O noso grupo xa ten preguntado por este traslado; xa é tempo de que se faga. O cambio de ubicación segue sen concretarse. O edificio de Salgado Moscoso podería adicarse a outras asociacións.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Non sabemos o estado das obras, si se vai a facer o traslado. É unha reivindicación histórica das asociacións. Ao noso grupo lle falta información sobre este tema.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Xa se teñen os cartos para o traslado do Consello Regulador a Oficina Comarcal ; non se debería dilatar moito máis.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

15.- MOCIÓN PSOE PARA CONTINUAR DOTANDO DE MAQUINARIA DEPORTIVA AS INSTALACIÓNS DE MUSCULACIÓN E AERÓBIC DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE O CONSELLO.

A Comisión de Servicios Municipais, Medio Rural e Medio Ambiente , na súa sesión de 23 de xaneiro de 2020 adoptou o seguinte ditame:

A práctica deportiva expandiuse nos últimos anos dentro do territorio nacional, consolidándose como unha aposta para manter a liña e xerar un estado de benestar dentro das persoas habituais destas prácticas. Deste xeito, creceron as instalacións deportivas que ofrecen a posibilidade de exercitarse dentro dun recinto pechado e practicar diferentes modalidades tanto en materia de musculación, como de aeróbic, fitness e clases xestionadas por un monitor titulado na especialidade deportiva.

Ribadavia non foi allea a este crecemento e na última lexislatura observamos un crecemento exponencial dos usuarios das instalacións deportivas coas que conta o concello, neste caso sitas no pavillón municipal do Consello e que pasaron de 600 socios e usuarios a preto do millar, o que levounos dende o Grupo Municipal Socialista a realizar unha aposta férrea e decidida polo deporte no noso concello, dotando de nova maquinaria e tamén de novas clases as instalacións deportivas municipais. Este incremento levou o anterior goberno do PSG-PSOE a realizar un importante esforzo coa posta en marcha do Consello Municipal de Deportes, organismo que serviu para reforzar a relación entre entidades deportivas, deportistas e veciños co Servizo Municipal de Deportes do propio concello. Ademais deste gran avance para Ribadavia, o anterior equipo de goberno fixo, como xa mencionamos, unha aposta clave dentro das posibilidades das arcas municipais, dotando con fondos propios de nova maquinaria o ximnasio do pavillón de O Consello. Deste xeito, adquiríronse unha cinta para correr, dous ergómetros para realizar exercicios de remos, 6 bicicletas estáticas para fitness e dúas bicicletas aeróbicas.

Este esforzo provocou o xa mencionado repunte dos usuarios e socios das instalacións deportivas do ximnasio, amosando o acerto das medidas tomadas, entre as que destacou o cambio de empresa que se dedicaba a dar as diferentes clases deportivas que se acometen no pavillón, apostando por unha nova empresa máis especializada no ámbito deportivo.

Os resultados están ahí e non podemos ser conformistas, xa que a xente segue a demandar novas inversións en maquinaria deportiva e que se prosiga coa aposta a favor do deporte. Entendemos que se poden tomar máis medidas, pero é evidente que hai unhas carencias que urxe resolver de forma inmediata como é a renovación da maquinaria das instalacións do ximnasio, xa que debido o uso e o aumento de usuarios quedouse obsoleta, desgastada e hai carencias para atender a gran demanda por parte dos veciños e veciñas de Ribadavia.

Ante a falta de interese amosado polo goberno do Partido Popular nos 6 meses que levan de mandato, dende o PSG-PSOE vémonos na obriga de demandar a adquisición de novas máquinas para o ximnasio e acometer algunhas reformas no pavillón, que entendemos debe seguir sendo un centro de referencia deportiva para toda a veciñanza de Ribadavia.

Solicitar que se realicen estas actuacións que o concello pode acometer con fondos propios de xeito inmediato.

1º Solicitar o grupo de goberno que se realicen as actuacións pertinentes para a adquisición de maquinaria deportiva no ximnasio e as reformas pertinentes no pavillón municipal de O Consello, que se poden acometer de xeito inmediato e con fondos propios do concello.

2º Instar o grupo de goberno a que manteña a aposta férrea e decidida polo deporte en Ribadavia para seguir consolidando a aposta deportiva que tanto esforzo e traballo lle supuso o grupo de goberno anterior.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE , , reservanse para o Pleno BNG, RBC, PP , ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- A demanda é cada día maior, nos orzamentos prorrogados se poden facer modificacións, non sería moi cuantiosa. Se podería conseguir na Deputación, é pouca cousa.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Se se pode atender, que se faga.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Nos parece ben , estamos a favor. O noso grupo considera que a empresa que xestiona a actividade debería ter un monitor, alomenos unhas horas.

Dª Mariluz Expósito Pérez (PP).- O Consello Municipal de Deportes é o interlocutor das demandas dos usuarios. Pediron 6.000 euros , é o reflectido no orzamento. Hai incrementos das axudas a clubs, e unha partida de 6.500 euros para a mellora do pavillón de Maquiáns. Non se pode usar agora, se está buscando por outros cauces. O contratista actual se rexe por uns pregos e hai que licitar un novo contrato.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Sería importante que se acometesen algunhas reformas. Hai representantes dos usuarios no Consello Municipal de Deportes.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Non é de recibo o que fixo a concelleira e o alcalde. Foron prometendo melloras antes de telas para deixarnos de malos. O noso grupo leva catro anos traballando a favor do asociacionismo. O de novas axudas é unha falacia. Usan o orzamento como arma arrojadiza , é un chantaxe. Isto non é a Deputación Provincial, é plural como o pobo, non é dun só partido. A táctica baltarista de colonizar asociacións e clubs non vai a funcionar, porque son plurais. As axudas as da o pleno, non as da vostede; as axudas se ten que consensuar.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Estou en parte de acordo. Esas partidas si se poden utilizar, hai outras partidas. É sorprendente que por pagar un autobús se esté prevaricando. A xente se lle vende que lle dan as cousas, pero o que da é o pleno. O anterior goberno puxo en marcha esas subvencións. O alcalde os venres se sente nun lugar onde se regalan os cartos a esgalla. Hai varias máquinas que un portavoz da oposición conqueriu sen ir a rogar a ningún. A Deputación ten maquinaria nunha empresa privada, sería fácil de conquerir.

Alcalde.- Estou de acordo en que Ribadavia non precisa crispación , pero determinados tonos non axudan. As subvencións non as da o alcalde.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Determinados acólitos me insultan nas redes sociais.

Alcalde.- As subvencións as aprobou o Consello Municipal de Deportes , no que participa un membro de RBC, se cambiaron as subvencións nominativas por un Plan Director, están presentes no Consello Municipal os clubs, e o aprobaron. O acordo do Consello Municipal de Deportes se recolleu no orzamento e se levou ao pleno. Na creación do Consello Municipal de Deportes tivo moito que ver RBC. Non hai ningunha intención de patrimonialización ou demagóxica, traslado estricto do acordo do Consello Municipal de Deportes. No orzamento se votan outras cuestións. Todos os grupos están representados no Consello Municipal de Deportes.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- O tono é necesario, suliña a frase. Hai cousas que a min e ao meu grupo nos indignan. Non estamos a favor das subvencións nominativas.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Os mesmos acólitos que agora insultan ao portavoz de RBC son practicamente os mesmos que antes me insultaban a mí. Non validaban a oposición de RBC, senón que querían echar ao PSOE. Vexo cousas moi raras nas redes. Cando o PP está no goberno os hooligans non dicen nada. A crispación chega de fóra.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

16.- MOCIÓN PSOE PARA QUE SE CONMEMORE O TRESCENTOS ANIVERSARIO DA CAPELA DA NOSA SEÑORA DO PORTAL.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica e Vitivinícola e Obras , na súa sesión de 23 de xaneiro de 2020 adoptou o seguinte ditame:

Tendo en conta que a Capela da Virxe do Portal é un referente cultural no conxunto de San Domingos que sabemos que foi unha obra realizada coas esmolas dos/as Ribeiráns, iniciativa levada a cabo polos monxes dominicos que foron os impulsores da devoción a Nosa Patroa, que aínda hoxe trescentos anos despois sigue a venerarse sendo un referente de tradición relixioso-cultural, independentemente das crenzas de cada quen. Consideramos importante a conmemoración . En virtude do exposto, propónse ao pleno do concello a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Instar ao goberno municipal a que leve a cabo un acto conmemorativo polo trescentos aniversario da Capela da Virxe do Portal.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE,RBC , , reservanse para o Pleno PP, BNG , ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D Manuel Vázquez López (PSOE).- A obra importante data de 1720, somos conscientes de que estamos nun estado laico e aconfesional. É un edificio emblemático para Ribadavia, en cuxa construción colaborou economicamente o pobo de Ribadavia.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Foi construído en tres etapas. Sen obxección a que se conmemore.

Dª Mariluz Expósito Pérez (PP).- Imos votar a favor.

D Manuel Vázquez López (PSOE).- Estamos dispostos a que participen os sacerdotes ou a parroquia. Se podería colocar unha placa conmemorativa.

Sometida a votación a proposta fica aprobada por unanimidade.

17.- MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA DEFENDA O MUSEO ETNOLÓXICO E PIDA O CESE DOS RECORTES EN SERVIZOS PÚBLICOS EN RIBADAVIA E POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica e Vitivinícola e Obras , na súa sesión de 23 de xaneiro de 2020 adoptou o seguinte ditame:

1 Que a Xunta de Galicia resolva a situación que ela mesma creou a través da súa política de recortes neste servizo que para Ribadavia é fundamental na súa vida cultural, e aposte polo Museo de Ribadavia implicándose realmente na súa mellora, Ademais, cando menos reclamamos as seguintes medidas urxentes:

-Substitución e cobertura das bases que existan no persoal do Museo, con persoal público.

-Ampliación horaria do servizo, para restituir o horario que sempre existiu.

-Que Museo Etnolóxico e Museo do Viño sexan compatibles no seu correcto e cordial funcionamento, sen menoscabo de ningunha das partes , como acontece na actualidade.

2 Que se lle dea traslado deste acordo a todos os concellos da comarca do Ribeiro para que se sumen a este acordo e petición para Ribadavia e a comarca do Ribeiro.

3 Que se lle dea traslado deste acordo á Xunta de Galicia, á Consellería de Cultura, á Dirección Provincial , e á Deputación Provincial de Ourense, así como a representantes dos traballadores e Sindicatos con representación na Consellería.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC, PSOE, BNG, , reservanse para o Pleno PP, ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D^a Paula Rodríguez Domínguez (RBC).- Fai uns días estivo pechado temporalmente o museo etnolóxico , é urxente que se atopen medidas. Hai que ser activos e actuar en consecuencia.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- O BNG xa presentou unha moción neste senso.

D^a Noelia Rodríguez Travieso (PSOE).- Seguimos a comprobar como os servizos no rural se recortan e perden valor. É unha clara mostra da falta de interese da Consellería. Hai outros museos na provincia que dependen de outras institucións que pechan máis tarde. Nunca se viu que un museo pechara por falta de persoal; ademais hai un proceso selectivo de persoal convocado no que os aspirantes xa pagaron as taxas. Para o Museo de Ribadavia hai inscritos 59 aspirantes, para que non se diga que non hai persoal. Lamentamos que non se poña en valor o Museo e o persoal do Museo de Ribadavia. No Museo do Viño está pasando o mesmo. Hai que blindar os cargos públicos.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Estamos a favor de todo o que mellore Ribadavia . O peche do outro día foi un tema puntual.

D^a Paula Rodríguez Domínguez (RBC).- Non é unha situación puntual , cando se pode repetir en calquera momento. Os centros culturais están mal tratados, hai un gran deterioro nestas infraestruturas. A cultura é un dereito garantido pola Constitución e o Estatuto de Autonomía.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

18.- MOCIÓN BNG PARA A MELLORA DA SANIDADE E EN APOIO Á MANIFESTACIÓN CONVOCADA POR SOS SANIDADE PÚBLICA.

A Corporación municipal do Concello de Ribadavia está preocupada pola situación e perspectivas da sanidade pública tanto do noso concello como da Área de Saúde de Ourense, como consecuencia da política sanitaria da Xunta de Galicia, baseada nos recortes de recursos e orzamento, no desmantelamento de hospitais comarcais, no abandono dos Centros de Atención Primaria, na ocultación e manipulación das listas de espera, na precarización do persoal, recorte de camas hospitalarias, privatización e externalización de servizos esenciais, derivacións de doentes a centros privados, desatención clamorosa da saúde mental e das mulleres.

As protestas dos Centros de Saúde, o levantamento da poboación de Verín contra o peche da sala de partos do seu hospital e as protestas de nais e pais contra a falta de pediatras ou psicólogos, como tamén ten sucedido no PAC de Ribadavia, son algunhas das manifestacións do malestar cidadán fronte a esta crise sanitaria.

Creemos que estamos ante un momento importante, en que a Corporación municipal como representantes do conxunto da cidadanía, indistintamente da forza política á que pertenzan os seus membros, deberíamos traballar conxuntamente para que no noso concello e na Área Sanitaria de Ourense se poida dispor duns servizos sanitarios públicos de calidade. Necesitamos uns servizos públicos de sanidade acordes co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Apoiar a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública, o vindeiro 9 de febreiro en Compostela.

SEGUNDO. Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

TERCEIRO. Reducir as listas de espera e tempos de demora das consultas de atención hospitalaria, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa súa manipulación.

CUARTO. Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.

QUINTO. Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

SEXTO. Plan de Mellora da Atención Primaria, da Saúde Mental e de Atención á Saúde das Mulleres.

SÉTIMO. Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellaría de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais do nosos Centros de Saúde e dotalos do persoal necesario para garantir una atención accesíbel e de calidade.

OITAVO. Comunicar a presente moción á Consellaría de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posíbeis para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol BNG,PSOE, RBC , reservanse para o Pleno PP , ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

Sometido a votación o ditame obtense o seguinte resultado votos a favor PSOE (4), RBC (3), BNG (1), abstención PP (5), fica aprobada.

19. MOCIÓN DE URXENCIA PSOE EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA.

A sanidade pública vive momentos de difícil equilibrio entre a inmensa calidade e capacidade dos/as seus profesionais, e a evidente ineficiencia dos seus dirixentes.

O sistema público de Saúde ten a súa orixe na Ley General de Sanidad de 1986, con Ernest Lluch como ministro e Felipe González como presidente (e que contou co voto contrario de Alianza Popular) e no traspaso de competencias a Galicia coa Lei do Servizo Galego de Saúde de 1989 sendo presidente autonómico Fernando González Laxe.

O compromiso dos socialistas coa sanidade pública é unha vinculación inseparable, e a cidadanía así o percibe ao indicar sempre nas avaliacións que somos os socialistas quen mellor xestionamos a sanidade.

En España os anos de goberno Rajoy foron moi duros para a sanidade pública, con recortes constantes que danaron a capacidade asistencial do sistema. En Galicia a década Feijóo redobrou ese esforzo en recortes, e así a cidadanía galega valora ao sistema como o terceiro peor de todas as CCAA, como indica ano tras ano o barómetro sanitario oficial. Esta valoración destaca moi ben aos profesionais, pero 3 de cada 4 galegos/as afirman que son necesarios cambios na xestión.

Os gobernos Feijóo empobreceron o sistema sanitario en diversos campos. Dende que Feijóo accedeu ao goberno galego a atención primaria perdeu máis de 1100 profesionais e 180 millóns de euros só en atención primaria, segundo se amosa nos propios orzamentos oficiais.

Núñez Feijóo modificou a lexislación para quitar toda a autonomía de decisión aos hospitais comarcais, creando unha Galicia de dúas velocidades onde os centros comarcais teñen cada vez menos servizos, e perden profesionais. O peche do paritorio de Verín foi a gota que colmou o vaso, evidenciándose agora que era posible resolver se houbera vontade no seu momento, e quedando claro que pechalo foi unha decisión intencionada, que sinala tamén a posibilidade de pechar servizos semellantes no resto de hospitais comarcais. A precarización dos empregados da sanidade pública ven sendo inaceptable nestes anos. A vontade explotadora en termos laborais fai un sistema máis ineficiente, con mais demoras e con inestabilidade permanente, o que impide

crear novas posibilidades de servizo e traballar nas melloras necesarias. Nesta mesma lexislatura o SERGAS ten sido condenado xudicialmente en numerosas ocasións polo sistema de contratación, con sentencias que mencionan termos como "contratación fraudulenta e torticeita", e que insta a corrixir que se contrate por días ou por horas de maneira encadeada para cubrir prazas que deberan ser convocadas de maneira estable.

Por todo isto, vivíronse nestes anos numerosas mobilizacións de profesionais e cidadanía, dimisións en bloque como os xefes de atención primaria de Vigo, folgas como os traballadores de ambulancias, servizos de urxencias e PACs...

Ante todo isto, atopouse un goberno incapaz de transformar e de afrontar os problemas, que se parapeta e trata con desdén a todos os colectivos.

Por todo isto, PROPOÑEMOS desde o Grupo Municipal Socialista de RIBADAVIA para a súa aprobación polo Pleno os seguintes acordos:

1. Apoiar a mobilización cidadá convocada para o 9 de febreiro en Santiago de Compostela, en defensa da sanidade pública, e comprometer a participación activa nas actividades adicadas a defender a mellor sanidade pública para Galicia.

2. Aportar dende o Concello de RIBADAVIA autobuses para o transporte de veciños e veciñas que desexen trasladarse a esa manifestación, facilitando mobilidade a que poida ter máis dificultades

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE, BNG, RBC , , reservanse para o Pleno PP ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

Sometido a votación o ditame obtense o seguinte resultado votos a favor PSOE (4), RBC (3), BNG (1); votos en contra PP (5), fica aprobada.

20.-ROGOS E PREGUNTAS

D^a Maria Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Hai unha serie de zonas que hai que bachear, como San Francisco.

Preguntar en que vai a consistir o investimento no IES Abrente.

Preguntar pola situación do asilo e que perspectivas hai.

Se comentou que houbo unha baixa na afluencia turística.

Se algún colectivo informou que non ía a participar na Feira do Viño.

D Enrique Rodríguez Alejos.- Qué se pensa facer coa estrada que foi abaixo en Prexigueiro.

Preguntar se vai a haber desfile o martes de entroido.

O campo de fútbol do Xestal drena mal, hai que poñerse en contacto coa empresa que o fixo e que o arranxe.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC). Preguntar polos datos exactos finais do Padrón municipal. Reiterar a petición de constitución da comisión de padrón municipal. Non se tomou en serio a moción do museo, non é unha cuestión puntual. Isto foi a gota que colmou o vaso. Non pode ser que o Museo do Viño sexa vestir un santo para desvestir outro.

Alcalde.- O dato definitivo estará o 22 de marzo. A cifra provisional é de 5.014 habitantes. A variación será pequena. A carretera de Prexigueiro se va a arreglar.

D^a Yolanda Gómez Gómez (PP).- A idea nosa era que houbera máis sensación de Entroido na rúa. Se falou coas asociacións. A programación non está pechada.

Alcalde.- A dirección de obra manifesta que é unha cuestión solventable.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Solicitar que a arquitecta municipal e o técnico de Deportes que elaboren un informe sobre o campo de fútbol.

D Manuel Vázquez López (PSOE).- Preguntar pola aldea modelo de San Cristovo.

Se o concello se acolleu ás subvencións das árbores senlleiras e o Teu Xacobeo.

Reiterar a pregunta polo persoal do Museo do Viño e do Museo Etnolóxico

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Que se fale cos colleiteiros para que participen na Feira do Viño.

Alcalde.- Sí participamos en o Teu Xacobeo. Sobre o tema do Museo se falou co conselleiro.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Que se fale cos colleiteiros para que participen na Feira do Viño. Preguntar polo martes de entroido.

D^a Yolanda Gómez Gómez (PP).- Hai un programa de actividades previsto para o martes de entroido.

E sendo ás doce horas e trinta minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr Alcalde levanta a sesión do que como secretario extendo a presenta acta.

ALCALDE

SECRETARIO